



1.- I Encontro Portugués de Biometría e o I Encontro Luso-Galaico de Biometría

A *Sociedade Portuguesa de Estatística* ([SPE](#)) e a Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO) organizan conxuntamente o I Encontro Portugués de Biometría e o **I Encontro Luso-Galaico de Biometría**, que se celebrarán do 14 ao 16 de xullo de 2013 na Escola de Ciéncias da Universidade do Minho en Braga.

Estes encontros están dirixidos a profesionais e usuarios da estatística, académicos, investigadores e estudantes.

Mais información: <http://biometria2013-ga.weebly.com/>

2.- Desafío Extraordinario de Nadal de *El País*

Con motivo do sorteo da Lotería de Nadal, o xornal *El País* e a *Real Sociedad Matemática Española* (RSME) recuperan a iniciativa coa que celebraron o ano pasado o centenario desta institución e presentan un desafío extraordinario: o "**Desafío Extraordinario de Nadal**". Entre os acertantes vaise sortear unha biblioteca matemática e o libro 'Desafíos Matemáticos', que recolle os 40 desafíos matemáticos publicados semanalmente en *El País*. Para participar no sorteo hai que enviar a resposta ao enderezo problemamatematicas@gmail.com antes das 00.00 horas do sábado 22 de decembro.

Máis información: http://sociedad.elpais.com/sociedad/2012/12/13/actualidad/1355418532_921805.html

3.-Curso de Metaanálise aplicado á avaliación das tecnoloxías sanitarias

A *Escuela Andaluza de Salud Pública* organiza, para o mes de febreiro, un curso sobre metaanálise aplicado á avaliación das tecnoloxías sanitarias. O prazo de preinscrición finaliza o 25 de xaneiro de 2013.

Máis información: <http://www.easp.es/cursos?idCurso=202P01NA12>

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es

Web: <http://www.sgapeio.es>